

ALEGACIÓNS Á LISTAXE PROVISORIA DE PREMIO EXTRAORDINARIO 2021-22 CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

A Comisión de Ciencias sociais e xurídicas, reunida o día 11 de marzo de 2024, e en relación ás alegacións presentadas ás listaxes provisorias de Premio Extraordinario na convocatoria 2021-22 na súa área, acorda:

SOLICITANTE	ALEGACIÓN	VALORACIÓN TRIBUNAL
Hugo Campos Romero	Revisar puntuación mérito outro candidato.	<p>Alegación presentada: <i>O candidato D. Guillermo Sánchez Chóez, no bloque de “producción científica, técnica e artística”, presenta como mérito 4 un artigo que declara ter relación directa coa tese de doutoramento, pero D. Hugo Campos Romero detecta unha falta na xustificación deste mérito, por non observar unha relación directa entre os contidos do artigo e a tese, nin que o indicado por Guillermo Sánchez Chóez na súa xustificación sexa certo.</i></p> <p><i>Alegación desestimada. Mantense a puntuación inicial de 11 puntos no mérito 4 do apartado de produción científica correspondente ao candidato Guillermo Sánchez Chóez. A xuízo da comisión, o artigo ten unha vinculación directa coa investigación que dou lugar á tese ao empregarse a mesma metodoloxía, centrarse no mesmo ámbito de análise e no mesmo período temporal. Estes criterios para establecer a relación entre os méritos presentados e a tese de doutoramento foron aplicados de forma igualitaria para todas as candidaturas.</i></p>
Bran Barral Buceta	Revisar puntuación méritos.	<p>Primeira alegación: <i>No bloque de “producción científica, técnica e artística”, o mérito 2 recibiu unha puntuación de 3,75 puntos, e o candidato solicita que se lle outorguen 7,50 puntos, por considerar que se trata dun artigo publicado nunha revista que ocupa o primeiro tercil (T1) en Scopus.</i></p> <p><i>Alegación desestimada. En realidade a este mérito non se lle outorgaron 3,75 puntos, como di o candidato, senón 5 puntos. A Revista de Saúde Pública consta na base de datos de Scopus no ano 2021 dentro da categoría Medicine - Public Health, Environmental and Occupational Health na posición 220/562, dentro tercil 2 e percentil 39 (ligazón da consulta: https://www.scopus.com/sourceid/22596?origin=resultslist). Polo tanto, mantense a puntuación inicial outorgada ao candidato por constar o artigo nunha revista indexada no tercil 2 de JCR,</i></p>

ALEGACIÓNS Á LISTAXE PROVISORIA DE PREMIO EXTRAORDINARIO 2021-22
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

		<p><i>que é o criterio máis favorable.</i></p> <p>Segunda alegación: <i>No bloque de “producción científica, técnica e artística” o mérito 4 recibiu unha puntuación de 5 puntos, e o candidato solicita que se lle outorguen 10 puntos, por considerar que se trata dun artigo publicado nunha revista que ocupa o primeiro tercil (T1) en Scopus.</i></p> <p><i>Alegación estimada. En realidade a este mérito non se lle outorgaron 5 puntos, como di o candidato, senón 3,75 puntos. A revista International Journal of Health Services consta na base de datos de Scopus no ano 2022 na posición 65/270, dentro do tercil 1 e percentil 24. Procedemos a cambiar a puntuación inicial de 3,75 a 7,5 puntos (ao aplicar o coeficiente corrector de 0,75 por ser 5 os autores do traballo).</i></p>
<p>Ana Rita Sa Leite Dias</p>	<p>Revisar puntuación mérito e computar mobilidade.</p>	<p>Primeira alegación: <i>No bloque de “producción científica, técnica e artística”, o mérito 5 recibiu unha puntuación de 7,50, restándolle 0,75 puntos ao 8,50 que lle correspondería por ter máis de catro autores (ten 5). A candidata alega que se trata dun artigo publicado en Cognition, que se atopa no primeiro cuartil (Q1) da súa área (Psicoloxía Experimental).</i></p> <p><i>Alegación estimada. Procédese a cambiar a puntuación inicial de 7,50 a 8,25 puntos.</i></p> <p>Segunda alegación: <i>No bloque de “Outros Méritos”, a candidata afirma que se lle outorgaron 0 puntos en “Transferencia” alegando que presenta como mérito 4 un artigo de divulgación.</i></p> <p><i>Alegación desestimada. De maneira igual para todos os candidatos considerouse que artigos científicos non se consideraban como mérito de transferencia.</i></p> <p>Terceira alegación: <i>No bloque “Outros Méritos” se lle outorgaron 0 puntos en “Premios” e a candidata alega ter presentado como mérito 3 un premio outorgado pola Sociedad Española de Psicología Experimental.</i></p>



ALEGACIONES Á LISTAXE PROVISORIA DE PREMIO EXTRAORDINARIO 2021-22
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

		<p><i>Alegación desestimada. No bloque correspondente a “Premios concedidos por entidades de reconocido prestigio”, tal e como indica a convocatoria, exclúense os premios concedidos a pósteres e contribucións a congresos. O diploma que achega a candidata como xustificante do mérito fai referencia a que o premio se concede polo traballo presentado no XIII congreso da Sociedad Española de Psicología Experimental.</i></p> <p><i>Cuarta alegación: No bloque “Outros Méritos”, se lle outorgaron 0 puntos en “Movilidad” cando presenta unha estadía nos Países Baixos (mérito 2) de 3 meses e medio. A candidata alega que a estadía de 3 meses para a mención internacional foi anterior á dos Países Baixos e tivo lugar en Portugal, na Universidade do Miño (tamén de 3 meses e medio aproximadamente). Alegación estimada. Procedemos a cambiar a puntuación inicial de 0 a 6 puntos.</i></p>
--	--	--

O presidente:

A secretaria: